

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 15 de decembro de 2014, adoptouse o seguinte acordo:

12. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN CORRESPONDENTE ÁS OBRAS INCLUÍDAS NO PLAN DTC93: "PAVIMENTACIÓN PISTA AS CORTIÑAS, LODEIRO-PEIRÓN Y MIGUES-CASTIDO EN ESMELLE" (PN 03318 14/40) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. Examinada a proposta que eleva o Presidente da Mesa de Contratación, que textualmente di:


"A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 16/05/2014 acordou aprobar a inclusión das obras de **"Pavimentación pista As Cortiñas, Lodeiro-Peirón y Migue-Castido en Esmelle"**, xunto con outras, no Plan da Deputación da Coruña PLAN DTC93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS así como o proxecto de construción que redactou o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos don Francisco Barea Paz en maio de 2014. Posteriormente a Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 17/06/2014 acordou aprobar as correccións efectuadas ó proxecto (deficiencias atopadas en canto a estar mal calculados os presupostos) por requerimento da Deputación Provincial

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol, na súa sesión de data 30/09/2014 aprobou a contratación administrativa correspondente á licitación das obras comprendidas dentro do **PLAN DTC93: "Pavimentación pista As Cortiñas, Lodeiro-Peirón y Migue-Castido en Esmelle" (PN 03318 14/40)**; o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación, redactado seguindo o prego-tipo aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña; a convocatoria da licitación mediante procedemento negociado sen publicidade cun único criterio de valoración; o gasto que financia íntegramente a Deputación Provincial, por un importe total de 57.787,57 € co 21% do IVE incluído (47.758,32 € importe sen IVE) con cargo á partida 03318-1553-60900 do orzamento municipal (GFA 14101024) e outros acordos complementarios.

Solicitouse ofertas ás empresas propostas consideradas capacitadas que propuxo a Concellería solicitante: Lancer Proyectos y Obras SA, Hijos de José Losada Cancelo SA e Xestión Ambiental de Contratas SL. As tres empresas presentaron oferta, segundo consta no certificado emitido polo Rexistro Xeral

O día 24/10/2014 a Mesa de Contratación revisou a documentación administrativa presentada polas tres empresas no Sobre A) "Documentación", declarandoas inicialmente admitidas a esta licitación e de seguido, na mesma sesión e en acto público, se procedeu á apertura dos Sobres B) "Oferta económica- criterio avaliable mediante cifras ou porcentaxes" das empresas inicialmente admitidas, resultando o seguinte:

■ Plica nº 1: Lancer Proyectos y Obras SA: que presenta oferta na cantidade, sen IVE, de 43.698,86 €



■ Plica nº 2: Hijos de José Losada Cancelo SA: que presenta oferta na cantidade, sen IVE, de 40.100 €

■ Plica nº 3: Xestión Ambiental de Contratatas SL: que presenta oferta na cantidade, sen IVE, de 44.845,07 €

Tendo en conta que o único criterio de valoración é o prezo; o tipo de licitación; as ofertas económicas que presentan as tres empresas presentadas e inicialmente admitidas e condicionado a informe técnico favorable; a sesión de data 24/10/2014 remata coa proposta de adjudicación que formula a Mesa de Contratación co voto favorable de todos os asistentes no seguinte sentido:

-Propoñer ao órgano de contratación a adjudicación do contrato á empresa HIJOS DE JOSÉ LOSADA CANCELO SA na cantidade (sen IVE) de 40.100 €. Proposta condicionada á emisión de informe técnico favorable e igualmente a que a empresa presente toda a documentación que se lle requira de acordo co establecido nas cláusulas 12 e 16 do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, e procedéndose, en caso contrario, tal como se establece na cláusula 16.2.

O día 10/11/2014 o arquitecto técnico municipal emite informe favorable á oferta económica presentada pola empresa citada; informe que se incorpora ao expediente.

Efectuado o requirimento para a presentación da documentación esixida nas cláusulas 12 e 16 do prego de cláusulas administrativas á empresa HIJOS DE JOSÉ LOSADA CANCELO SA (A- 15056849), ésta presentou en prazo toda a documentación.

Revisada dita documentación polos servicos técnicos municipais consideraron que cumpre o esixido nas cláusulas citadas anteriormente.

Por todo o exposto, o presidente da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Ferrol propón á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

-Primeiro: ADXUDICAR, polas razóns recollidas na parte expositiva, a execución das obras comprendidas dentro do **PLAN DTC93: "Pavimentación pista As Cortiñas, Lodeiro-Peirón y Migue-Castido en Esmelle"** (PN 03318 14/40) á empresa HIJOS DE JOSÉ LOSADA CANCELO SA (A-15056849) por un importe de 40.100.-€ (sen IVE), 8.421.-€ (21% de IVE); o que supón un total de **48.521.-€ (21% de IVE incluído)** todo isto con suxeición ós pregos de cláusulas que rexen o presente contrato e consonte a súa oferta.

-Segundo: FORMALIZAR o contrato no prazo máximo de QUINCE DÍAS HÁBILES seguintes a aquel en que reciban a notificación da

adxudicación os licitadores e candidatos, de conformidade coa cláusula 17.b) do prego.

-Terceiro: DESIGNAR, a proposta do concelleiro de Medio Ambiente e Servizos, o RESPONSABLE DO CONTRATO ó arquitecto técnico municipal don David Couselo Méndez

(* O concelleiro de Medio Ambiente e Servizos, en data 28/11/2014 adxudicou a BAREFAR INGENIERÍA SL o contrato relativo á Dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde das obras incluídas no DTC)".

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos sres/as asistentes, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o órgano que dictou a presente resolución dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14.01.99), sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución e na forma prevista no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa (BOE de 14.07.98).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente. Atentamente o saúda.

Pazo Municipal, 16 de decembro de 2014.

O SECRETARIO XERAL.-

